



CASCO, SILBATO E NARIZ VERMELLO

Os clowns do festival paran á xente pola rúa e róubanlle sorrisos armados con... ¿silbatos?



UN CERTAME MOI POUCO SERIO

O domingo saberase qué grupo resulta gañador do certame de interior do Teatro Principal.



CALORE ÉXITO DE PÚBLICO

O festival só leva un par de días e xa se meteu ó público no peto. A calor dá ganas de rir.

VERANEANTES

AMIRADA

Belén López

Previsión de ataques de riso esta semana

Non sei se se deron conta pero a cidade non é segura estes días. Un vai pola rúa paseando tranquilamente e, de non se sabe moi ben onde, xurden uns personaxes vestidos dun xeito moi particular e abórdano. Recoñeceranos polo nariz vermello. Son moi perigosos. Afástense deles. Van armados cunha cha de gracias e un pode acabar escachando coa risa, chorando ou polo chan sen que abran a boca sequera. Non só iso. Polas tardes, o Teatro Principal tamén se ve invadido destes seres infalibles ante as caras serias. Nese espacío de plenos e teatro 'serio', esta semana reúnen esas criaturas posuídas dun aparato olfativo colorado e non deixan en paz ós espectadores (que nalgúns casos non dubidan en unirse a eles e colaborar nas súas propostas humorísticas). Por se fose pouco, onte contaron na entrada do teatro cun axudante moi especial: o mesmísimo Jango Edwards que se encargou de rexistrar a todo o que entraba no patio de butacas.

Sen dúbida algunha, isto só pode ser consecuencia do FESTICLOWN. O Festival Internacional de Clown de Galicia continúa a súa andadura en Pontevedra. Tódalas mediodías, polas rúas e prazas do casco antigo da cidade, desenvólvense actividades de animación. Onte foron 'Os sete magníficos máis un' os encargados de roubarlle sorrisos ós pontevedreses que pasaban pola praza de Compos-tela. Hoxe farao 'El dúo en la lona' na praza de Curros Enríquez.

Polas tardes, a partir das oito e media, teñen lugar no Teatro Principal actuacións do certame de interior do Festiclown. Onte participaron 'Do vacío' con 'En Obras' e Jouse con 'El Cura'. Hoxe, antes de que comecen os espectáculos ás oito e media no teatro, haberá unha actuación na praza da Peregrina ás sete.

Esta cidade volveuse tola de remate

Un vai camiñando tranquilamente pola rúa cando uns personaxes de nariz vermello o abordan e o deixan indefenso coas súas bromas. No teatro, Jango Edwards rexístrate e os actores son pallasos. Isto, señoras e señores, só pasa no Festiclown



◆ ¿Quen dixo que o Festiclown non comezaba ata a chegada de Jango Edwards co seu espectáculo o xoves? A cidade está revolta dende pola mañá. Ás mediodías os clowns apodéranse do protagonismo en Pontevedra e non hai político nin artista que llo quite. Tódolos días a iso da unha da tarde, os pallasos do Festiclown comezan a loitar contra a calor de xullo cun nariz vermello, un sorriso e moitas ganas de diversión. Polas tardes continúan as actividades do Festival. A partir das oito e media, no Teatro Principal, poden verse espectáculos de compañías e grupos que, por primeira vez este ano, non son só de Galicia. Hoxe continúan as representacións con Pimpomclown de Granada e o galego Arturo. FOTOS: GONZALO